


AIANOHNA

ATENAS



Atenas foi a cidade máis desenvolvida de Grecia. No s. V a.C. acadou o seu apoxeo económico e militar, derivado da súa hexemonía sobre as *polis* gregas contra o Imperio Persa. Esta é unha vista aérea actual

Pnyx


Ágora

Areópago


Acrópolis



A cidade non tiña saída ó mar, pero si posuía un gran porto a 6 km: o Pireo. A partir dos anos 460-450 a.C. estivo unido a Atenas polos chamados “Muros Longos” que protexían esa ruta de abastecemento en caso de guerra. Na actualidade, dúas grandes avenidas son a súa pegada



Plano da área de Atenas, o Pireo e os Muros Longos no s. V a.C.



ACRÓPOLE

**ATENAS
(s. V a.C.)**

Partenón

Pasaba pola porta principal da cidade e remataba na Acrópole

Lugar onde se reunía a “Bulé” ou Senado ateniense

AREÓPAGO

PNYX

ÁGORA

Cárcere

Estoa sur

Tribunal

Vía Panatenaica

Buleuterion

Templo de Hefesto

Altar dos 12 deuses


Estoa de Zeus

Estoa real

Estoa pintada

As estoas eran pórticos nos que a xente se relacionaba e había actividade comercial

En primeiro termo, a Ágora, o lugar da cidade onde tiña lugar a vida pública: política, xustiza, comercio e demais actividades



Acrópole

Vía Panatenaica

**Porta Sacra e
Porta do Dípilon**

Vista xeral (reconstrución)




O maior esplendor arquitectónico de Atenas débese ó político e militar Pericles, quen xestionou, como gobernante, as achegas económicas das cidades integradas na Liga Délica (alianza defensiva contra o Imperio Persa) como un tributo. Con eses cartos, Pericles encargou a varios arquitectos, encabezados por Fidias, o embelecemento da Acrópole

Erecteón

Partenón

Plano da Acrópole (só se destacan os edificios do s. V a.C.)



Odeón de Pericles

Teatro de Dionisos

Propileos

Estatua de Atenea Prómachos



**Vistas actuais da
Acrópole desde o leste
(enriba) e o oeste
(abaixo, cos Propileos
en primeiro plano)**



Partenón

Erecteón

Propileos


Partenón

Reconstrución virtual da Acrópole

(Vista desde o oeste,
cos Propileos e a
escaleira de acceso en
primeiro plano)

Erecteón

Propileos







**Propileos: vista actual
(esquerda) e
reconstrucción virtual
(abaixo)**

Templo de Atenea Niké

**As obras comenzaron
no 447, co Partenón, e
remataron no 432, coa
finalización dos
Propileos, iniciados
no 437**


Pinacoteca






Propileos (reconstrución virtual transversal), coas columnas dóricas na entrada e na saída, e as xónicas no tramo central


O Partenón (chamado así por Atenea Párthenos, “Virxe”) foi construído integramente en mármore do monte Pentélico, situado a 14 km de Atenas. As obras duraron máis de dez anos. O arquitecto a quen se atribúe é Fidias, quen tamén esculpiu a enorme estatua de Atenea que se atopaba na *cella* ou capela interior. Outros elementos escultóricos adornaban máis seccións do edificio





Partenón (perfil)

fachada leste



Partenón (planta)

fachada leste

Mide 70x31 m e posúe 8 columnas dóricas nas fachadas e 17 nos laterais. A estatua de Atenea, hoxe perdida, tiña 12 m de altura e era de mármore, ouro e marfil




Partenón (fachada oriental ou principal). O frontón (desaparecido) representaba o nacemento de Atenea

Partenón (fachada occidental ou posterior). O frontón, tamén perdido, referíase á loita entre Atenea e Posidón pola Ática





Velaquí o estado actual dunhas figuras do frontón oriental (no Museo Británico) e tamén unha recreación policromada, baseada nalgunhas investigacións



Frontón

Tríglicos e metopas

Columnas dóricas

Friso

Partenón (reconstrucción virtual e sección)



A serie de 92 metopas contaba catro historias en cada lado do edificio:

-Fachada leste ou principal: a loita entre os deuses e os xigantes


-Fachada oeste: a loita entre os gregos e as amazonas

-Lateral norte: escenas da guerra de Troia

-Lateral sur: loita entre os centauros e os lapitas

A todo o longo
do interior corría
un friso xónico
en baixorrelevo
que representaba
a procesión das
festas
Panateneas





Acroteria ou remate decorativo

Cuberta de mármore

Canalón

Cornixa



Tríglicos e metopas


Arquitrabe

Capitel

Despece da esquina
nordeste

Os bloques de mármore eran izados por grúas gracias a uns saíntes que logo eliminaban os canteiros. As pezas das paredes eran afirmadas con grapas de ferro, mentres que as columnas estaban constituídas por tambores que encaixaban uns noutros, ata once por columna





Por un efecto óptico, un edificio tan longo parecería torto de construírse con liñas totalmente rectas. Por iso a base ou estilóbato non é recta: é 11 cm máis alta no centro dos laterais e 6 cm no centro das fachadas. Iso fixo que as columnas, de 10,4 m de alto, tampouco puidesen ser rectas: ningunha ten o mesmo grosor en toda a súa lonxitude. Isto obrigou, de certo, a facer cálculos moi complexos




Despois da Guerra do Peloponeso, contra Esparta, entre os anos 420 e 405, construíuse o Erecteón, un templo con múltiples santuarios, na honra de máis de dez deuses e heroes relacionados con Atenas. O nome deriva de Erecteo, primeiro rei da cidade, segundo a mitoloxía

**Pórtico das
Cariátides**


**Santuário norte:
estatua de Atenea
Políada e tumba de
Erecteo, xunto co
manancial de auga
salgada brotado do
golpe de tridente
de Posidón. Máis ó
oeste está a
oliveira de Atenea**

**Santuário leste
(altares de Zeus,
Hefesto, Posidón e
Erecteo)**




Vista do famoso pórtico das Cariátides desde o sur. As estatuas son réplicas: cinco das orixinais (que eran policromadas, segundo parece) están no propio Museo da Acrópole, e unha no Museo Británico. O resto das columnas do templo son xónicas





Reconstrucción virtual da entrada dunha procesión ritual no Erecteón




Odeón

Hoxe só se
conserva parte do
teatro

Na ladeira
noroccidental da
Acrópole Pericles fixo
construír un teatro
dedicado a Dionisos, o
padrón desa arte, e
mais un odeón
(auditorio) cuberto




Reconstrucción virtual do teatro e o odeón





**Vista actual da Pnyx
(esquerda) e esbozo
das sucesivas
ampliacións (abaixo)**

**A “Ecclesía” ou Asemblea Popular
comezou reuníndose na Ágora, pero a
partir do s. V fíxoo nun outeiro situado
ó sueste da Acrópole coñecido como
Pnyx. O lugar foi acondicionado varias
vezes, pois tiña que dar cabida a un
número mínimo de 6.000 persoas, e un
máximo de quizais 20.000**



Non se conservan vivendas particulares da antiga Atenas, pero pódese saber algo polas excavacións arqueolóxicas. Parece que este tipo de casas se organizaba arredor dun patio central descuberto, que proporcionaba luz. O interior dispoñía de bastantes estancias (mesmo máis de dez), e moitos destes edificios acollían varias familias. A decoración interior baseábase sobre todo en pinturas murais

